

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de abril de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación das bases reguladoras, así como da adxudicación por procedemento aberto no expediente de concesión demanial do uso privativo para a explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta as Pedreiras e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C012/000006.

Acórdase a adxudicación no expediente de subministración da escultura de Paula Alvarellos Fondo. Exp ref: 2025/C004/000039.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra, do prego de cláusulas administrativas na contratación da construción dunha pasarela peonil sobre a ronda da República Arxentina, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. ref. 2026/C002/000001.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación do programa "Camiño ás aulas" nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C003-000009.

3. PERSOAL.- Acórdase a resolución dos recursos de alzada interpostos

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7694703803705615671.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LCOAL DO 29-4-2026

contra a resolución ditada polo tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto contra a resolución 905/2026 do 06-02-2026, dictada no procedemento 2025/Y001/000099 (recurso 2026(P014/000026)).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.